



Plan de igualdade

Índice

Contido	1
Revenidas e o seu compromiso coa igualdade.	2
Obxectivos	2
Accións	3
1.Paridade no cartel.	3
2. Contratacións internas paritarias.	3
3. Contratacións externas	3
4. Mensaxes feministas e contra as violencias machistas.	4
5. Colaboración con festivais e organizacións feministas locais.	4
6. Punto de información "Compracer nunca. Con pracer sempre" e "Non a lées. Alíate! "	4
7. Utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista.	5
8. Creación dun "plan de lecer non sexista".	5
9. Plan de actuación ante agresións machistas.	5
Avaliación.	6

REVENIDAS

Dende 2003, o Festival das Linguas, o Revenidas de Vilaxoán, en Vilagarcía de Arousa, é toda unha referencia no noso país pola súa aposta pola música feita en galego, que combina coa presenza de grandes bandas destacadas internacionalmente. É unha experiencia popular galega ao redor dunha grande comida familiar, a Gran Sardiñada Popular, que deu orixe e nome ao festival. A isto súmanse actividades para todos os públicos e concertos de creando un ambiente espectacular pola mestura de públicos moi diversos. Unha das súas principais liñas transversais é a igualdade de xénero e así vaise notando na evolución deste evento ao longo dos anos.

O Festival Revenidas de Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa, comezou no 2003 da man dunha asociación de rapaces e rapazas de Vilaxoán que querían facer algunha actividade cultural na súa vila. Recuperaron unha antiga tradición deste porto mariñeiro que se realizaba dende os primeiros anos do pasado século, unha gran sardiñada popular. Tras o bo resultado desta pequena iniciativa que acadou o aplauso de gran parte da veciñanza de Vilaxoán, decidiuse que para que o festival tivese continuidade facía falta constituír unha asociación. Así xurdiu a Asociación Repichoca, que se fai cargo desta iniciativa cultural ata o ano 2013 colocando As Revenidas e a Vilaxoán no mapa dos mellores festivais do verán.

Ao longo da última década, As Revenidas consolidouse como unha das citas musicais máis importantes do verán galego. Un festival dinamizador dunha vila mariñeira que dá oportunidade ao público de coñecer aos principais referentes musicais de Galicia, pero tamén a destacadas bandas do territorio español ou internacional.

Revenidas está dentro do calendario dos festivais galegos por continuidade, por calidade e por ter un estilo propio e inconfundible. Ao lado do mar, na Ría de Arousa, na vila mariñeira de Vilaxoán, reúnen-se cada verán artistas de dentro e de fóra do país, unidos por sons mestizos á vez que de marcado carácter popular. Artistas que acompañan e promoven a festa, e que reivindicán a cultura e o espazo público como patrimonio da cidadanía.

O festival é un ferramenta indispensable para dinamización da vila mariñeira, que carece ao longo do ano de propostas culturais que aglutinen os intereses da poboación.

Revenidas e o seu compromiso coa igualdade.

Ao longo da historia as mulleres foron discriminadas do ámbito cultural e no século XXI aínda hai resistencia ao cambio. Sendo conscientes da desigualdade que existe neste ámbito, e máis concretamente, nos espazos musicais dos festivais sabemos que é necesario limpar as físgoas machistas e equilibrar a balanza, reconstruír un sector compartido e equitativo para deixar de expulsar e de marxinar ás mulleres creadoras. A perspectiva de xénero nas organizacións dos festivais de música é crucial para deixar de reproducir estereotipos patriarcais e anexar éxito e poder.

En Revenidas temos como liña común coas anteriores edicións: o feito de visibilizar ás mulleres nos diferentes ámbitos e crear un festival no que rachemos coa liña xeral dos festivais con carteis androcéntricos nos que as mulleres ocupan un segundo plano ou directamente non aparecen. Un festival seguro para todas as persoas e as súas diversidades, un festival comprometido coa igualdade real.

Obxectivos

Con este plan de igualdade trataremos de acadar estes obxectivos que nos plantexamos mediante diversas accións:

- ♀ Empregar a cultura como ferramenta para fomentar a igualdade de xénero.
- ♀ Establecer unha postura clara contra o machismo e as súas violencias
- ♀ Visibilizar ás mulleres no ámbito musical
- ♀ Crear espazos de ocio libres e seguros.
- ♀ Poñer en valor a importancia da igualdade e as diversidades afectivo-sexuais.
- ♀ Diminuír a fenda de xénero nos carteis dos festivais.
- ♀ Tecer redes coas asociacións locais contribuindo a un intercambio de saberes.
- ♀ Organizar un festival con postos paritarios en materia de produción e creación.

Accións

1. Paridade no cartel.

Esta é unha das nosas bases, Revenidas é pioneira neste punto cando poñemos na balanza os grupos liderados por mulleres e por homes. Destaca a ampla presenza masculina tratando de atopar un equilibrio e buscando unha necesaria paridade.

2. Contratacións internas paritarias.

Buscamos a paridade en todas as nosas contratacións tratando de rachar estereotipos e visibilizando a mulleres en traballos masculinizados socialmente (como a seguridade) e a homes en traballos feminizados (coma a limpeza).

Non só buscamos contratacións paritarias, ademais contamos cunha ampla maioría de mulleres en postos de poder coma es seguintes encargadas:

Na decoración e deseño: Ana Seoane (ademais de ser membra da dirección) e Iria Quintáns

Na hospitalidade: Beatriz Bruno

Responsable de banco: Luisa Insua

Taquillas: Sandra Oliveira

Redes Sociais: Gloria Montenegro

Marketing Dixital: Eva Díaz

Sustentabilidade: María Baqueiro

Merchandising: María Araujo

Contabilidade: Sonia Pérez

Igualdade: Lola Santos

Barras: Angeles Martínez

Recursos humanos: Tíffany Pintos

3. Contratacións externas

Nas contratacións externas que son, basicamente, seguridade e son e iluminación esiximos a presenza de mulleres nos diversos postos de traballo. Ambos sectores están moi masculinizados polo que é un tema no que incidimos especialmente. A empresa encargada

da montaxe, iluminación e son, GlobalSetup, ten un compromiso con este festival e coa súa política de empresa para que exista un equilibrio nos diversos postos.

4. Mensaxes feministas e contra as violencias machistas.

Non só buscamos unha presenza feminina nos carteis, buscamos que moitas das mensaxes dos grupos que actúen estén empurrando unha mensaxe feminista cara a sociedade. Ademais tratamos de incorporar, tamén, grupos que leven nas súas letras mensaxes de diversidade e apoio ao colectivo LGTB+ así como iconas recoñecidas no país como Mondra; Bewis de La Rosa, Tanxugueiras ou O Rabelo

5. Colaboración con festivais e organizacións feministas locais.

Dende hai uns anos que vimos colaborando coa asociación feminista O Soño de Lilith.

Esta asociación coa que tecemos redes permítenos intercambiar opinións sobre distintos temas e ofrecernos unha visión máis profesional sobre os distintos temas en relación á igualdade.

Ademais esta asociación organiza "Festivala: Mulleres creando" un festival feminino e feminista no que as protagonistas son as mulleres. Dende fai uns anos e aproveitando que coinciden de maneira máis ou menos preto nas datas adoitamos facer algunha actividade conxunta como poden ser concertos, clown ou espectáculos de poesía e humor. Esta mestura de ideas e formatos permite que ambos proxectos se enriquezan e crezan.

6. Punto de información "Compracer nunca. Con pracer sempre" e "Non a lées. Alíate!"

Todos os anos, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, tratamos de poñer un punto lila no que favorecer unha campaña informativa entre a mocidade para sensibilizar, concienciar, informar e pór de manifesto que a violencia sexual é extensiva a todo acto sexual, á tentativa de consumir un acto sexual, aos comentarios ou insinuacións sexuais non desexados ou ás accións para comercializar ou empregar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa.

Esta campaña, iniciada nos Festivais Rías Baixas 2017, está dirixida tanto a mozas coma a mozos e inclúe materiais nos que se ofrece unha actuación integral de prevención e actuación contra estes tipos de agresión sexual. Así, a iniciativa fai fincapé en que as mulleres non son obxectos, nin propiedade de ninguén, e que establecer relacións de flirteo non compromete nin obriga a manter relacións sexuais. A través destes materiais móstranse con claridade os límites nas relacións entre adolescentes e danse a coñecer estas agresións facendo fincapé en que son un delito e que a culpa nunca é da vítima.

Neste 2025 farase unha campaña de prevención, sensibilización, visibilización e actuación

contra as agresións sexuais categorizadas como violacións en cita e das agresións sexuais por submisión química a través dunha campaña de difusión de materiais para a concienciación e a prevención que se distribuirán no ámbito lúdico-festivo.

Tendo en conta o público obxectivo da campaña, entendemos que a contorna das festas locais, festivais ou encontros dirixidos á mocidade son espazos idóneos para poñer en marcha esta iniciativa, dado que no contexto lúdico e festivo no que se desenvolven é onde se dan as circunstancias perfectas para enmascarar as agresións sexuais a mozas, coas excusas de seren contornos festivos nos que parece que “todo se permite”; o consumo de alcohol e outras circunstancias fan que a violencia sexual nestes contextos sexa a violencia que menos se denuncie, por ser a máis cuestionada e a máis difícil de demostrar.

Cos lemas “Compracer nunca. Con pracer sempre” e “Non a lées. Alíate!” faise un chamamento ao dereito das mulleres a decidir e á responsabilidade dos homes a respectar, ao tempo que se visibiliza unha forma de violencia pouco atendida e moi normalizada como son as violacións en cita e as agresións por submisión química, dúas formas de agresión que obstaculizan o recoñecemento do delito e a súa posterior denuncia.

7. Utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista.

Tratamos de utilizar unha linguaxe inclusiva nas nosas redes sociais, mensaxes e cartelería.

Neste ámbito consideramos que precisamos traballar máis en profundidade o tema e é unha materia pendente para que exista unha formación para todo equipo en vistas a posteriores edicións e aceptación por todas as administracións participantes.

8. Creación dun “plan de lecer non sexista”.

Este plan aportará uns consellos básicos para ter unha festa segura e libre. Entregarase ao persoal contratado pola empresa organizadora do festival e distribuirase tamén ás diferentes empresas provedoras do festival así como á xente que vaia ao Revenidas.

9. Plan de actuación ante agresións machistas.

Crearase un plan de actuación que se lle proporcionará ao persoal de seguridade así coma unha normas básicas para as persoas que vaian ao festival. Neste plan deixaremos claras que tipo de condutas non son aceptables neste espacio seguro de igualdade. Se ocorrese algunha destas accións o persoal de seguridade sería o encargado de expulsar ás persoas do recinto ou avisar ás forzas de seguridade se fose preciso. Ante calquera tipo de agresión sexista, tolerancia cero.

Avaliación.

A avaliación de este plan farase de maneira cualitativa e cuantitativa cando falemos de termos de paridade nos postos e nos carteis.

Este plan de igualdade modificarase anualmente en consonancia coas distintas casuísticas e necesidades que vaíamos observando.

O SOÑO DE LILITH

DAISY ALCALDE MONTIAGUDO

Axente de igualdade